

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER PARA O DESENVOLVEMENTO DUN MODELO DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL NAS UNIDADES DE HADO-PAL DA XESTIÓN INTEGRADA DE PONTEVEDRA E O SALNES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Asociación Española contra o cancro (Xunta Provincial de Pontevedra) o instrumento convencional arriba referido con vixencia dun ano ao contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración co Servizo Galego de Saúde (EOXI de Pontevedra e O Salnés) e a AECC coa finalidade de desenvolver un modelo de atención psicosocial, que ofrezca aos integrantes das unidades de HADO-PAL da EOXI un conxunto de recursos e instrumentos que faciliten o seu labor diario no campo da atención ao enfermo e á súa familia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

Na finalidade de contribuír na mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade oncolóxica, complementando a atención sanitaria que, actualmente, os pacientes reciben dos profesionais das unidades de Hospitalización a Domicilio e Paliativos (HADO-PAL) do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra e o Hospital do Salnés.

As persoas destinatarias son as diagnosticadas de cancro, especialmente aquelas que están en situación avanzada e teñen unha maior necesidade de atención psicosocial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

